

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA  
CELEBRADA O DÍA 30 DE XANEIRO DE 2014**

<b>ASISTENTES</b>	
	<b>GRUPO POLÍTICO</b>
<b>ALCALDE:</b>	
D. José Ferverza Costas	PP
<b>CONCELLEIROS/AS:</b>	
D <sup>a</sup> . Susana Varela Santiago	PP
D. Jorge Santomé Gestido	PP
D <sup>a</sup> . María Colomba López Freire	PP
D <sup>a</sup> . Rosa Solla Veiga	PP
D <sup>a</sup> . María del Carmen Maya Santomé	PP
D <sup>a</sup> . Raquel Carro Sequeiros	PP
D. Xosé Manuel Millán Otero	BNG
D <sup>a</sup> . María Martínez Nogueira	BNG
D <sup>a</sup> . María Beatriz Riobó Rouco	BNG
D. Odilo Barreiro Martínez	BNG
D <sup>a</sup> . María Libertad Cruz Couso	BNG
D <sup>a</sup> . Coral Ríos Santomé	BNG
D <sup>a</sup> . Araceli Gestido Rodríguez	BNG
D <sup>a</sup> . Marta Freire Riobó	PS de G-PSOE
D. María Dolores Miranda Costas	PS de G-PSOE
<b>SECRETARIO:</b>	
D. Adamantino Barreiro García	
<b>AUSENTES:</b>	
D <sup>a</sup> . María del Carmen Regueira Fernández	PP

En Moaña, o 30 de xaneiro de 2014, xoves, ás 20.00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnen-se, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros e as señoras concelleiras que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos/as os/as asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Estando presente o quórum necesario, o Sr. presidente declara validamente constituída a sesión.

**ORDE DO DÍA**

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2º.- Resolucións da Alcaldía
- 3º.- Información sobre a *Mesa de Asesoramento aos afectados pola*

*emisión de obrigacións preferentes e subordinadas de Novagalicia Banco*

- 4º.- Aprobación, se procede, de pregos para a concesión demanial das instalacións turísticas e deportivas do complexo hostaleiro e deportivo do Beque
- 5º.- Proposta da Alcaldía sobre modificación da ordenanza de venda ambulante para os días festivos
- 6º.- Proposta da Alcaldía sobre modificación da ordenanza de venda ambulante do Concello de Moaña
- 7º.- Programa de absentismo escolar
- 8º.- Proposta da Alcaldía de supresión de dedicación exclusiva e proposta de dedicacións parciais
- 9º.- Solicitud de nova IXP, Identificación Xeográfica Protexida vitivinícola
- 10º.- Moción plataforma pola Defensa da Ría de Vigo polos vertidos
- 11º.- Moción do grupo municipal do PSG-PSOE polo fraccionamento do imposto de bens inmobles (IBI)
- 12º.- Moción do grupo municipal do PSG-PSOE contra a Lei da interrupción voluntaria do embarazo (aborto)
- 13º.- Moción do grupo municipal do BNG sobre a reforma da Lei do aborto
- 14º.- Moción do grupo municipal do BNG pola restitución do servizo público do transporte marítimo da ría de Vigo
- 15º.- Rogos e preguntas

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

O Sr. presidente dá conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar na data do 27 de decembro de 2013, e pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións a esta.

- Intervén dona María Martínez, quen indica que na páxina 5 figura a súa intervención que di: “nos non nos pediron que nos reunísemos cos funcionarios”, debe dicir: “nos pediron que nos reunísemos cos funcionarios”.
- Intervén dona Marta Freire quen indica que na páxina 17 figura “*Dona Marta Freire indica que a*

*responsabilidade a ten o PSOE*". Debe dicir "A responsabilidade do PSOE a determina o Partido Socialista e non o BNG.

Sometido o borrador da acta a votación, é aprobada, por unanimidade dos dezaseis membros presentes dun total de dezasete que compoñen a Corporación, a acta correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar na data do 27 de decembro de 2013, introducindo a seguinte modificación na páxina 5, onde debe dicir: "nos pediron que nos reunísemos cos funcionarios", e na páxina 17, que debe dicir: A responsabilidade do PSOE a determina o Partido Socialista e non o BNG.

## **2º.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 471/2013 do 23/12/2013 e a número 22/2014 da data 27/01/2014.

O Pleno da Corporación dáse por informado.

## **3º.- INFORMACIÓN SOBRE A MESA DE ASESORAMENTO AOS AFECTADOS POLA EMISIÓN DE OBRIGACIÓNS PREFERENTES E SUBORDINADAS DE NOVAGALICIA BANCO**

➤ O Sr. Alcalde dá conta dos escritos remitidos a Novagalicia Banco, ao presidente da Xunta de Galicia, ao vicepresidente da Xunta de Galicia, ao ministro de Xustiza e ao **Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria** (FROB). Este último remitiu un escrito de confirmación da recepción. Facíltalle unha copia ao presidente da Plataforma dos afectados polas obrigacións preferentes e subordinadas presente entre o público, don Humberto Gestido.

➤ Don Humberto Gestido invita a todos os asistentes a participar nunha manifestación que se celebrará o día un de febreiro en Vigo, ás once da mañá e sairá dende o Calvario ata a Porta do Sol. Indica que hai autobuses con prazas libres para os que queiran utilzalos. Sinala que espera que conteste a carta de petición que lles remitimos ao responsables do Banco para recibirmos e que aínda non contestaron. Reitera que queremos o 100% dos cartos dos aforradores.

## **4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PREGOS PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DAS INSTALACIÓNS TURÍSTICAS E DEPORTIVAS DO COMPLEXO HOSTALEIRO E DEPORTIVO DO BEQUE**

O asunto foi ditaminado na Comisión Informativa de Ensino, Deporte, Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Promoción Económica da data 28/01/2014.

O Sr. Alcalde dá lectura á súa proposta que literalmente di:

**PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA O OUTORGAMENTO, POR CONCURSO, DA CONCESIÓN DEMANIAL DAS INSTALACIÓNS TURÍSTICAS E DEPORTIVAS DO COMPLEXO HOSTALEIRO E DEPORTIVO DO BEQUE DO CONCELLO DE MOAÑA.**

*O Concello de Moaña é titular do complexo hostaleiro e deportivo do Beque e figura no seu Inventario de bens como "Solar do Beque", e ten natureza do dominio: uso público.*

*O secretario da Corporación emitiu un informe que sinala, respecto ás instalacións do complexo hostaleiro e deportivo do Beque, a posibilidade de realizar un **contrato de xestión de servizo público** ou ben unha **concesión demanial** dun ben do dominio público. Esta última parece ser a opción máis vantaxosa para o Concello, xa que ten como vantaxes que non inclúen a obrigación do mantemento do equilibrio financeiro do contrato en caso de non evolucionar a demanda como se esperaba, nin caben os posibles problemas da sucesión de empresa, cuestións ambas que poden ser financeiramente moi gravosas para a economía municipal.*

*Respecto ao canon da concesión propónse o 2%, xa que existe lexislación galega, como a Lei*

6/2003, do 9 de decembro (DOG do 11), de taxas, prezos e exaccións, que establecen un tipo de gravame entre o 2% e o 6%, respecto a utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade. Non cabe aplicar o artigo 94 do RB que recolle unha porcentaxe do 6% do valor en venda dos bens para o arrendamento de bens patrimoniais (que non de dominio público como ocorre neste suposto). Neste caso o complexo Hostaleiro e Deportivo do Beque ten, debido ás súas dimensións da parcela e ao estado dos inmobles, uns altos custos de mantemento, aos que hai que engadir o custo da enerxía eléctrica mediante xerador.

Por tal motivo propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para o outorgamento, por concurso, da concesión demanial das instalacións turísticas e deportivas do complexo hostaleiro e deportivo do Beque do Concello de Moaña.

**SEGUNDO.-** Aprobar o expediente, e dispoño a apertura do procedemento de adxudicación, e a convocatoria da licitación, que se anunciará no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil de contratante do Concello de Moaña, durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES.

Moaña, 24 de xaneiro de 2014 O Alcalde,

- Intervén don Jorge Santomé, quen indica que este asunto xa se trouxo no anterior Pleno. Agora corrixiuse a cota que ía entre o 2% e o 6%. Agora sácase pola cantidade mínima que tendo en conta o valor do complexo do Beque suma uns 800.000 € polo que o 2% son uns 16.000 €. Tamén terá que presentar un aval bancario sobre uns 26.000 €. segundo os anos de adxudicación. A nosa idea é que se pode adxudicar para poñelo en valor e a ver se entre todos o podemos levar adiante.
- Intervén don Xosé Manuel Millán quen indica que o BNG non vai a impedir que se aprobe o prego de condicións. Nós dende o inicio do procedemento de licitación non puxemos trabas. Pero somos escépticos sobre o destino final, é algo que non vai a ningunha parte. Leva máis de dous anos e medio pechado. Iso foi unha decisión do PP de Moaña, que o abandonaron e pecharon o establecemento, a cafetería e restaurante. Botárono a perder vostedes e agora ten un menor valor. O BNG ve un longo proceso de tempo, dous anos e medio para ver que se facía con el. A vostedes metéuselles na cabeza que había dúcias de persoas interesadas e ía haber moitas ofertas. Botoulles a culpa aos funcionarios, reunións longuísimas, pensaban que os concelleiros da oposición lle ían facer o tema. En vez de xestión dun servizo público, faise unha concesión de ben público, pero non sabemos se será para o goce dos moañeses. Transformouse de cámping a albergue dunha estrela. Pero vostedes non inventaron a pólvora. Nós escollemos por razóns lóxicas e críamos que sería mellor como cámping, e no verán pasaban centos de persoas aínda que era pequeno. Lanzáronse á aventura do albergue e se abre en tres meses verán que non compensa, e esas son decisións que vostedes tomaron. Quérense desfacer das instalacións e a ver se vén un primo que colla as instalacións e cargue con elas que son custosísimas e non permite unha xestión equilibrada e beneficiosa xa que ten un canon moi alto, 16.000 euros, que bota para atrás a calquera e un aval de 26.500 euros. É difícil que un banco lle dea un aval dese importe. Moitos que poderían irse a vivir alí, con catro mil e pico ao ano, pagaría menos que un aluguer. Pero agora é moito e o que queira explotalo terá que ser autónomo, e se imos ao banco non darían o aval. Tal e como están as instalacións requirirían un gasto duns cen mil euros para oito anos, e todo polos dous anos e medio pechado, hai que pintar as pistas, o tema do mobiliario, un novo xerador, rematar as instalacións como o frontón. Posiblemente estea estragado o circuito da piscina que leva dous anos e medio parado, e que non haxa que cambiar a instalación eléctrica e a fosa biolóxica. Nesas condicións somos escépticos. O Beque só pode funcionar dando perdas ao Concello, nós non somos unha empresa que se mide en beneficios económicos, para iso hai impostos, que os pagan os veciños e devólvense polas administracións aos veciños. Antes alí ían centos de persoas na fin de semana. Era un servizo público que daba perdas. Hai que intentar que sexan as menores posibles, e nós debatíamos entre considerar un réxime mixto entre o Concello e unha empresa. O Beque vaino a perseguir ata que se vaia a Barcelona. En catro anos arruinarán unhas instalacións, é o exemplo dunha xestión. O BNG non pon pedras na roda. Non o imos parar, pero non se pode facer o que pretende aínda que se empeñe. Faremos alegacións no período de exposicións para modificar os pregos.

- Dona Marta Freire sinala que sempre que os informes sexan favorables non poñemos atrancos. Compartimos o que di o Sr. Millán. As instalacións non funcionan. Cremos que vai quedar deserto. Levamos dous anos e medio e por fin tráese agora, e cremos que a forma de presentalo non é a correcta e, polo tanto, absterémonos. Cremos que así non ten futuro.
- Don Jorge Santomé sinala que o Sr. Millán é un grande orador como Fidel Castro. En dos anos e medio ¿estivo vostede alí algunha vez?. Para vender o cabalo, hai que falar ben del. Vostede falou en contra e se alguén estaba interesado xa marchou. Vostede asinou un contrato improrrogable, asinouno vostede, nós non botamos a ninguén. Eu teño o teléfono de dez ou doce persoas interesadas no Beque, pero agora desta forma que vostede o expón, non o estarán. Se as pistas están sen pintar será tamén por culpa de vostedes. Fíxose o albergue para que se poida gozar todo o ano das instalacións. Pídelle ao Sr. Millán que non se ría. Marta dixo en dous minutos o que vostede dixo en media hora.
- Don Xosé Manuel Millán indica que non se ría. Vostedes teñen moita sorte. Santa Teresa está con vostedes e se reza con fervor vanllo coller. Mire ben o que fai. Hai que vender o cabalo, pero vostede pense que a xente non é parva, a xente está moi sabida e neste caso son moitos miles de euros. Vostede debe explicarlle como está aquilo. A Administración debe velar polos intereses dos administrados e da Administración. O que se faga cargo ten que ter a debida solvencia. Ten que ter a certeza que teña cartos para manter as instalacións. Se atopa alguén con capacidade e presenta un proxecto de servizo, recoñecerémolo. O Beque sacouse a licitación nos anos noventa e tiñase que facer cargo o Concello. No ano 2004 licitouse como concesión de servizo público e non eran condicións tan leoninas como estas e con mellores instalacións e só se presentou unha empresa, e na adxudicación dixeron que non podían facerse cargo, xa que había problemas como a enerxía eléctrica, e o Concello asumiu a xestión directa e utilizamos contratos con fondos da Xunta e da Deputación. Cando foi a xestión da piscina municipal tamén había moitas empresas, pero para poñer 250.000€ para o Concello e material non había, e anulouse o concurso e convocouse un segundo concurso. Se nos equivocamos, pedirémoslles desculpas.
- Don Jorge Santomé sinala que estás pensando ti polos demais. O Concello debe poñer cartos, vós estades aí para fiscalizalos. Calquera que o colla e faga obras quedarán para o Concello.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por sete votos a favor, os do PP, e nove abstencións, as do BNG e PS de G-PSOE, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e de prescricións técnicas para o outorgamento, por concurso, da concesión demanial das instalacións turísticas e deportivas do complexo hostaleiro e deportivo do Beque do Concello de Moaña.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente, e dispendo a apertura do procedemento de adxudicación, e a convocatoria da licitación, que se anunciará no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil de contratante do Concello de Moaña, durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES.

#### **5º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE VENDA AMBULANTE PARA OS DÍAS FESTIVOS**

O asunto foi ditaminado na Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Réxime Interior e Emprego da data 23/11/2013. Na data 23/12/13 informouse a Mesa local de Comercio.

O Sr. Alcalde dá lectura á Proposta da Alcaldía sobre a modificación da Ordenanza municipal da venda ambulante do Concello de Moaña que literalmente di:

*Con data 24/07/2013, a Asociación de Vendedores Ambulantes do Morrazo presentou un escrito no que solicitan a revisión da ordenanza reguladora do exercicio da venda ambulante, para que se recollese nesta a posibilidade de exercer a súa actividade aínda que sexa festivo. En vista de que non existe ningunha norma que o impida, xa que a venda ambulante é competencia municipal unicamente, faise a seguinte proposta:*

*Modificar o parágrafo primeiro do artigo 9 da Ordenanza de venda ambulante, que quedaría:*

*“Os días do mercado serán todos os mércores e sábados do ano, incluídos os que cadren en festivo, a non ser que sexa festivo local. Tamén poderá realizarse durante o ano, como máximo un mercadillo extraordinario, o cal deberá ser autorizado pola Xunta de Goberno do Concello.*

*...Todo o resto do artigo 9 quedará igual.*

➤ Intervén dona Coral Ríos, quen manifesta que esta cuestión tiña que terse resolto hai varios meses para non crear malestar. Nós, o BNG, non nos opoñemos.

➤ Dona Marta Freire sinala que se absterán na votación. A petición dos vendedores ambulantes fai que convertan en laboral os festivos, e recorda que o descanso é un dereito dos traballadores. Sinala que esta medida pode ter efectos colaterais sobre o comercio que se verán obrigados a abrir. Por tal motivo, nós absterémonos.

➤ Dona María del Carmen Maya sinala que trouxemos o tema no pasado Pleno. Nós non o dilatamos, pedíusenos por parte de vostedes que o propuxémos agora. Fannos a proposta os vendedores ambulantes e os comerciantes poden abrir os domingos. Nós opinamos que lles podemos dar a posibilidade de abrir.

➤ Dona Coral Ríos sinala que o trouxestes en decembro, pero non pasara pola Mesa de Comercio, e dende xullo puidésteo facer. Demorouse dende novembro a xaneiro.

➤ Dona María del Carmen Maya sinala que en xullo non había Plenos, e polo tanto non se dilatou. Só era convocar a Mesa Local para informalos pero recalca que non se dilatou.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por sete votos a favor, os do PP, e nove abstencións, as do BNG e PS de G-PSOE, acorda:

Primeiro.- Modificar o parágrafo primeiro do artigo 9 da vixente Ordenanza municipal de venda ambulante do Concello de Moaña que queda redactada do seguinte xeito:

*“Os días do mercado serán todos os mércores e sábados do ano, incluídos os que cadren en festivo, a non ser que sexa festivo local. Tamén poderá realizarse durante o ano, como máximo un mercadillo extraordinario, o cal deberá ser autorizado pola Xunta de Goberno do Concello.*

*(Todo o resto do artigo 9 quedará igual).*

Segundo.- Someter, en virtude do previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, a citada modificación da Ordenanza municipal de venda ambulante do Concello de Moaña á información pública por un prazo de trinta días hábiles mediante publicación de anuncio e texto no taboleiro de anuncios do Concello e anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que quen estea interesado poidan presentar as reclamacións ou suxestións que coide oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. En ambos os dous casos, e segundo establece o artigo 70.2 da Lei 7/1985, as ordenanzas publicaranse no "Boletín Oficial" da provincia e non entrarán en vigor ata que se publicase completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no artigo 65.2 (15 días).

## **6º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE MOAÑA**

O asunto foi ditaminado na Comisión Informativa de Servizos, Obras, Mobilidade, Transportes, Seguridade Cidadá, Relacións Veciñais, Cultura e Patrimonio, Xuventude, Mancomunidade e Protección Civil e na

Comisión Informativa de Ensino, Deporte, Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Promoción Económica da data 28/01/2014.

O Sr. Alcalde dá lectura a súa proposta que literalmente di:

*MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE MOAÑA.*

*PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA*

*Despois da xuntanza levada a cabo na data 23/12/13 pola Mesa local de Comercio e reunión cos portavoces dos distintos grupos políticos que compoñen a Corporación, fago a seguinte proposta:*

*MODIFICAR OU ENGADIR Á ORDENANZA DE VENDA AMBULANTE O SEGUINTE TEXTO:*

*A) Engadir no **ARTIGO 24.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**S,*

*FALTAS GRAVES:*

- 1º Practicar a venda fóra dos perímetros e/ou lugares autorizados ou con transgresión dos días e horarios establecidos.*
- 2º Practicar a venda calquera persoa non autorizada por este Concello ou comerciantes que incumpran os requisitos establecidos na presente ordenanza reguladora.*

*FALTAS MOI GRAVES:*

- 1º- Negarse ou resistirse a subministrar datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades e os seus axentes no exercicio das súas funcións de inspección, cando se efectuase a través de violencia física ou verbal ou calquera outra forma de presión.*
- 2º- Reincidir na comisión de infraccións graves.*

*Entenderase por reincidencia a comisión, no período dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.*

*Non obstante o sinalado no apartado anterior, para cualificar unha infracción como moi grave só se atenderá á reincidencia en infraccións graves, e a reincidencia en infraccións leves só determinará que unha infracción deste tipo sexa cualificada como grave cando se incorrese en máis de dúas infraccións de carácter leve, cando así fose declarado por resolución firme.*

*B) Modificar o **ARTIGO 25. SANCIÓN**S*

- 1.- Por faltas leves: multas de 100 a 750 euros*
- 2.- Por faltas graves: multas de 1000 a 1500 euros*
- 3.- Por faltas moi graves: multas de 1500 a 3000 euros.*

➤ Intervén dona Coral Ríos, quen manifesta que o BNG votará en contra. Tras oito meses séguese a vender ilegalmente, e esta modificación aplicaríase a todos, non só aos do peixe. A Lei do comercio interior é do 2010 e debe adaptarse a ordenanza. A venda ambulante é unha actividade para extinguir, debe desaparecer.

➤ Dona Marta Freire sinala que apoiará a proposta. Coñece a problemática. Proliferou a venda ilegal e supón unha competencia desleal é hai que resolver esta problemática. A incautación da mercancía é complexa, pero podería facerse. Nós apoiamos o colectivo.

➤ Dona María del Carmen Maya sinala que agradece o apoio do PS de G-PSOE. Respecto á incautación da mercancía hai que destacar que é material perecedeiro, só se podería incautar básculas e outras cousas. Pretendemos que a xente o pense dúas veces antes de facer ilegalidades. Pide que as rutas actuais non se extingan. Nós non enganamos a ninguén e as taxas que pagaron algúns eran de antes. Esperamos acabar cos ilegais.

➤ Don Xosé Manuel Millán sinala que levades tres meses e non acordades nada cos peixeiros. Pero ides aplicarlles esas sancións aos ambulantes, a cento e pico usuarios do mercadillo, e sinala que son inaplicables. Lamenta que non poida aplicarse a incautación. Pero estas sancións aplicaranse a quen

venda un queixo no mercadillo ou a quen coloque un posto fóra do lugar. E son multas de ata tres mil euros. As sancións teñen que ter unha proporcionalidade. Se levan peixes non lle podemos impoñer tres mil euros. Calquera expediente que queira abrir, acabará en nada, e ata agora o Alcalde dixo que perseguía os delincuentes. As infraccións e sancións poderán corrixirse á alza, pero púxose o máximo. Por ocupar toda a rúa Concepción Arenal o máximo son mil cincocentos euros. O problema é a venda do peixe fresco que ten unhas rutas. Pero vostedes non van poñer ningunha sanción. As únicas sancións en Moaña son as multas de tráfico. As do peixe e mercadillo non as van poñer.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor, os do PP e PS de G-PSOE, e sete abstencións, as do BNG, acorda:

Primeiro.- Modificar os artigos 24 e 25 da vixente Ordenanza municipal de venda ambulante do Concello de Moaña que queda redactada do seguinte xeito:

#### **A) ARTIGO 24.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

FALTAS GRAVES:

- 1º Practicar a venda fóra dos perímetros e/ou lugares autorizados ou con transgresión dos días e horarios establecidos.
- 2º Practicar a venda calquera persoa non autorizada por este Concello ou comerciantes que incumpran os requisitos establecidos na presente ordenanza reguladora.

FALTAS MOI GRAVES:

- 1º- Negarse ou resistirse a subministrar datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades e os seus axentes no exercicio das súas funcións de inspección, cando se efectuase a través de violencia física ou verbal ou calquera outra forma de presión.
- 2º- Reincidir na comisión de infraccións graves.

Entenderase por reincidencia a comisión, no período dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.

Non obstante o sinalado no apartado anterior, para cualificar unha infracción como moi grave só se atenderá á reincidencia en infraccións graves, e a reincidencia en infraccións leves só determinará que unha infracción deste tipo sexa cualificada como grave cando se incorrese en máis de dúas infraccións de carácter leve, cando así fose declarado por resolución firme.

#### **B) ARTIGO 25. SANCIÓN**

- 1.- Por faltas leves: multas de 100 a 750 euros
- 2.- Por faltas graves: multas de 1000 a 1500 euros
- 3.- Por faltas moi graves: multas de 1500 a 3000 euros.

Segundo.- Someter, en virtude do previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, a citada modificación da Ordenanza municipal de venda ambulante do Concello de Moaña á información pública por un prazo de trinta días hábiles mediante publicación de anuncio e texto no taboleiro de anuncios do Concello e anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que quen estea interesado poida presentar as reclamacións ou suxestións que coiden oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. En ambos os dous casos, e segundo establece o artigo 70.2 da Lei 7/1985, as ordenanzas publicaranse no "Boletín Oficial" da provincia e non entrarán en vigor ata que se publicase completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no artigo 65.2 (15 días).

#### **7º.- PROGRAMA DE ABSENTISMO ESCOLAR**

O asunto foi ditaminado na Comisión Informativa de Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Réxime Interior e Emprego da data 28/01/2014.

O Sr. Alcalde dá conta da proposta elaborada pola educadora familiar do Concello que literalmente di:

**ASUNTO:** APROBACIÓN DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN ABSENTISMO ESCOLAR DO CONCELLO DE MOAÑA.

**ANTECEDENTES:**

*A Constitución Española de 1978 recoñece o dereito á educación como un dos dereitos fundamentais e encomenda aos poderes públicos que promovan as condicións e derriben os obstáculos para que este dereito sexa gozado en condicións de igualdade por toda a cidadanía.*

*Por outra parte, a normativa educativa establece o carácter obrigatorio e gratuíto do ensino básico, que comprende a educación primaria e a educación secundaria obrigatoria e esténdese por un período de dez anos, que se desenvolve de forma regular entre os seis e os dezaseis anos de idade. O alumnado escolarizado na ESO ten a obrigatoriedade de asistir á clase. O alumnado menor de idade pero maior de dezaseis anos, que non asiste con regularidade, deberá ser orientado coa finalidade de continuar a súa formación. Igualmente, recoñécese o dereito á educación e o deber de asistencia ao alumnado matriculado no 2.º ciclo de educación infantil. Mención especial merece os PCPIs, que pola súa especificidade atende á rapazada de entre quince e vinte e un anos, os primeiros dentro da idade obrigatoria do ensino obrigatoria, e que se rexerá pola súa propia normativa.*

*Contéplase tamén na citada normativa que as administracións educativas desenvolverán medidas de acción positiva, orientadas a apoiar o acceso e permanencia dos grupos máis desfavorecidos no sistema educativo.*

*O absentismo escolar considérase que contribúe decisivamente a situar nunha posición de risco de exclusión social e marxinação ao alumnado afectado por este.*

*A estreita relación que o absentismo escolar, en todas as súas facetas, mantén co fracaso escolar e o abandono temperán do sistema educativo esixe que se adopten medidas específicas que transcenden, en certos casos, ao ámbito educativo.*

*As actuacións presentadas neste programa de prevención e intervención nos casos de absentismo escolar, esténdense dende as que poden adoptar os centros educativos do Concello de Moaña ata aquelas que requiren a intervención doutras institucións e servizos coas que os centros comparten responsabilidades. Para combater o absentismo escolar é imprescindible a coordinación entre as distintas institucións implicadas que acheguen os recursos humanos e materiais necesarios.*

*No Concello existen os seguintes centros de ensino :*

**Escolas de educación infantil:**

- EEI de Verducedo
- EEI do Con

**Centros públicos de educación infantil e primaria:**

- CEIP A Guía
- CEIP de Abelendo
- CEIP de Quintela
- CEIP de Seara
- CEIP de Tirán
- CEIP de Reibón
- CEIP de Domaio

**Centros públicos de educación secundaria:**

- IES A Paralaia
- IES As Barxas

*E a recentemente inaugurada **gardería municipal** a galiña azul.*



### **Absentismo**

O Decreto 229/2011 define o absentismo escolar como a ausencia ao centro escolar e sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de ensinanza obrigatoria. Así mesmo diferencia este do abandono escolar temporal, situación do alumnado, que estando aínda en idade de escolarización, deixa o sistema educativo sen a titulación correspondente, e da desescolarización, persoas que estando en idade de escolarización obrigatoria non se atopan en ningún centro educativo.

O absentismo é un fenómeno complexo, de carácter multicausal e multifactorial, no que concorren toda unha serie de circunstancias sociais, psicolóxicas, educativas, familiares, económicas e culturais que é preciso ter en conta.

O alumnado absentista está en desvantaxe e ten moitas máis dificultades para acadar un completo desenvolvemento persoal, o que no ámbito educativo se traduce nun desinterese por todo o relacionado coa aprendizaxe. Esta situación priva o alumnado de estímulos e posibilidades que van condicionar a súa vida a curto e a longo prazo. As situacións de desmotivación relaciónanse tamén con frecuencia con comportamentos/conduitas/hábitos inadecuados no ámbito escolar.

Os **obxectivos** perseguidos con este programa son:

- *Lograr unha pronta detección do absentismo escolar no período de escolaridade (tanto obrigatoria como non obrigatoria) co obxecto de previr posibles situacións de desescolarización, abandono e fracaso escolar.*
- *Deseñar estratexias para previr o absentismo escolar.*
- *Coñecer as situacións de absentismo escolar nos centros do Concello, avaliar a súa incidencia e as actuacións levadas a cabo. Elaborar un informe anual e deseñar un plan de mellora.*
- *Unificar os criterios de actuación dos centros do Concello á hora da detección e intervención en situacións de absentismo escolar.*
- *Coordinar todas as persoas e entidades relacionadas coa prevención do absentismo.*
- *Garantir e propiciar a asistencia continuada a clase de todo o alumnado e contribuír a un control efectivo de asistencia como forma de preservar o dereito individual á educación.*
- *Facer o seguimento do alumnado con risco de absentismo debido á súa problemática persoal, familiar e/ou social coa finalidade de diminuír ese risco.*
- *Acadar e deseñar uns procedementos de control e intervención ante condutas absentistas que permitan unha pronta intervención.*
- *Apoiar as familias con menos recursos, do xeito que se considere máis oportuno, para que as súas fillas e os seus fillos acudan aos centros educativos en igualdade de condicións que o resto.*
- *Implicar as familias na consecución dunha asistencia continuada, puntual e adecuada a clase e concienciar as familias, e a sociedade en xeral, da importancia da educación como medio para fomentar a integración social e laboral como unha forma de evitar a exclusión social.*
- *Detectar e tratar problemas sociofamiliares asociados ao absentismo.*

*Considérase fundamental a toma de conciencia por parte das persoas da comunidade educativa e da comunidade en xeral sobre a necesidade dunha asistencia continuada a clase.*

*Este Programa de absentismo escolar debe ser interpretado como un conxunto de actuacións*

*positivas a favor do dereito á educación, actuacións de carácter interinstitucional que deben ser contempladas desde dúas perspectivas: a de prevención e a de intervención.*

*Contarase coa colaboración dos centros educativos, FANPA e outras institucións (Concello de Moaña, Deputación Provincial e Xefatura Territorial de Educación) que realizarán accións divulgativas, promoverán o compromiso e a sensibilización ao comezo de cada curso; irán dirixidas á cidadanía en xeral e, preferentemente, á poboación con nenas e nenos en idade escolar.*

*Para a elaboración deste programa, durante o curso escolar 2012/ 2013 membros das diferentes institucións relacionadas e implicadas directa ou indirectamente coa prevención do absentismo escolar en Moaña (centros educativos, centro de saúde, servizos sociais do Concello, inspección educativa, policía local,) estivemos mantendo reunións periódicas para crear un protocolo de actuación específico para este Concello, contando cos recursos dos que dispoñemos, nos casos de absentismo escolar.*

*Con toda a información recollida durante estas reunións en canto aos datos de absentismo, programas e protocolos de actuación desenvolvidos noutros concellos de Galicia, lexislación aplicable, bibliografía relacionada co tema... elaboramos o programa de prevención do absentismo propio do Concello de Moaña, que recolle o protocolo que hai que ter en conta en todos os casos de absentismo que se detecten nos diferentes centros educativos do Concello.*

*Este protocolo de actuación será recollido en forma de manual e porase a disposición de todas as institucións implicadas na súa aplicación, centros educativos, Servizos Sociais do Concello, Centro de Saúde, Policía Local e Departamento de Inspección Educativa.*

*Sobre a publicación e divulgación do programa volveremos emitir informe (orçamento, posibles subvencións...) unha vez que estea aprobada a súa posta en marcha.*

*Achégase copia de toda a documentación do programa de prevención e intervención en absentismo escolar de Moaña.*

#### **PROPOSTA:**

*Proponse ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:*

*Aprobar o Programa de prevención e intervención en absentismo escolar no Concello de Moaña, para a súa posterior aplicación por parte das diferentes institucións implicadas.*

*Moaña, 24 de xaneiro de 2014. Marta Santomé Santiago. Educadora familiar.*

- *Intervén don Odilo Barreiro quen manifesta que apoian o programa de absentismo con reticencias sobre a súa tramitación. O BNG está a favor de loitar contra o absentismo. Cremos na educación que forma as persoas que cambian o mundo. Con todo, este traballo pode quedar afectado pola aplicación da LOMCE que é antigalega e excluínate e desvía o alumnado. Crearíanse traballadores non formados. Dálle os parabéns á educadora familiar polo programa. Ten dúbidas na súa tramitación, e pregunta a Raquel e Rosa por que se é tan importante por que non se convocou a comunidade educativa. Sinala que segundo a Lei galega de consellos escolares, deberíanse consultar. E non se fixo nin se constituíu o Consello Escolar Municipal. Teñen medo ao debate. A tramitación política é nefasta, a intención que se recolle no documento que fixo a educadora é boa. E a culpa tena o Sr. Alcalde e a concelleira Rosa Solla.*
- *Dona Marta Freire sinala que apoiamos a proposta, pero non entendemos por que non se convoca o Consello Escolar Municipal e caemos na conta cando se presenta ao Pleno.*
- *Dona Raquel Carro sinala que é un bo programa, adecuado aos tempos actuais para erradicar o absentismo escolar.*

- Don Odilo Barreiro fai un chamamento e pide que se constitúa canto antes o Consello Escolar Municipal e poder chegar a acordos conxuntos e así se arranxarán os problemas a través do Consello. Pide que se faga rápido.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezaseis concelleiros presentes, dun total de dezasete que compoñen a Corporación, acorda:

Aprobar o Programa de prevención e intervención en absentismo escolar no Concello de Moaña, para a súa posterior aplicación por parte das diferentes institucións implicadas.

### **8º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE SUPRESIÓN DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PROPOSTA DE DEDICACIÓNS PARCIAIS**

O asunto foi ditaminado na Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Réxime Interior e Emprego da data 28/01/2014.

#### ***PROPOSTA DA ALCALDÍA SUPRESIÓN DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PROPOSTA DE DEDICACIÓNS PARCIAIS***

*O 30 de xuño de 2011, o Pleno da Corporación, por proposta desta Alcaldía, acordou a dedicación exclusiva da Concellaría Delegada de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas, e Medio Ambiente, cunhas retribucións brutas anuais de 21.770,40 euros, para percibir en catorce pagas.*

*Na dita sesión plenaria non se propuxeron dedicacións parciais. Na actualidade, mediante Resolución da data 29/11/2013, modificáronse as delegacións xenéricas por áreas que foran aprobadas por resolución do 17 de xuño de 2011, designándose na Delegación de Facenda, Persoal e Réxime Interior e Emprego a Dona Rosa Solla Veiga.*

*As novas delegacións fan recomendable, por motivos de operatividade, unha redistribución das dedicacións exclusivas convertendo a dedicación exclusiva existente, en dúas dedicacións parciais a favor da delegación de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas, e Medio Ambiente e Mar desempeñada na actualidade por Dona Susana Varela Santiago e a Delegación de Facenda, Persoal e Réxime Interior e Emprego, desempeñada na actualidade por Dona Rosa Solla Veiga. Sen que iso supoña, continuando coa política de contención do gasto, incremento económico para o Concello, e sen que afecte á operatividade dos citados departamentos.*

*Por todo o exposto, propoño ao Pleno da Corporación, ao abeiro da habilitación que se recolle nos artigos 74 e 75 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, e demais lexislación concordante, a adopción do seguinte acordo:*

**PRIMEIRO.-** *Aprobar a dedicación parcial, a media xornada, das seguintes concelleiras e coas seguintes retribucións:*

- *Concellaría Delegada de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas, e Medio Ambiente e Mar cunhas retribucións brutas anuais de 10.885,20 €. para percibir en catorce pagas. Causará alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación o pago da cota empresarial correspondente.*

- *Concellaría Delegada de Facenda, Persoal e Réxime Interior e Emprego, cunhas retribucións brutas anuais de 10.885,20 €. para percibir en catorce pagas. Causará alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación o pago da cota empresarial correspondente.*

**SEGUNDO.-** *O dito acordo será operativo a partir do 01/01/2014 e publicarase no BOP e no taboleiro de edictos do Concello.*

**TERCEIRO.-** *Modificar a Bases número 61 de execución do orzamento, publicando anuncio polo*

*prazo de 15 días hábiles, e no caso de non presentarse alegacións ou reclamacións, publicación do dito acordo no BOP,*

➤ Intervén don Xosé Manuel Millán quen manifesta que o asunto xa se levou no pasado Pleno. E arrieiros somos e no camiño encontráronos, acórdase cando o réxime de dedicacións no Pleno do 30/06/2011 tiña oito concelleiros e a oposición oito e quitouno adiante polo voto de calidade e pedímoslle que esperase uns días para incorporar a Marta Freire e vostede dixo que era urxentísimo, xa tiña o pastel amañado. Facía as cousas ao seu modo e non chegaba a acordo cos outros grupos políticos. Vostede vacilounos. Dixo que ía manter a austeridade e dixémoslle que o que parece barato para os veciños é caro, para o Concello de Moaña é caro o que deixan de facer. E tivo a mala fe de falar de desfalco doutros concelleiros, que viñan aquí a facerse ricos, cando as axudas de custo do Padroado as puxo o PP, seiscentos euros. E o que veu despois fixo igual. E un traballador municipal cobraba un pouco máis e dicía que lle roubaba ao Concello. O Alcalde que gañaba máis de oitocentos euros tiña as santas narices de pasarnos iso pola cara, pois mire agora ten que vir a pedir papas e non explica por que ese cambio. Antes eran dedicacións exclusivas para a concelleira e vostede dicía que coa metade lle bastaba. A vostede dixéronlle que non podía ser deputado e Alcalde á vez. Recoñezo que lle custa pouco ao Concello. Non sabemos que fixo pero a concelleira de Urbanismo que tiña a dedicación exclusiva agora terá a metade, e unha nova gran promesa que a de Facenda vai traballar e necesita cobrar un pouco. Así marchou Freire. Non entendemos porque non explica estes cambios. Explique por que fixo a lista electoral que se cae a cachos, ou será que non cumpriron o que lles prometeu que ían cobrar e non cobran e como prometeu postos de traballo e resulta que un está en Holanda e outro en Barcelona.

➤ Intervén don Jorge Santomé que indica: “que mala persoa eres”. Ti como tes posto de traballo fixo. “eres mala persoa”.

➤ Don Xosé Manuel Millán sinala que só decides mentiras. Aquí non se ven a ganar a vida. Aquí vense con corazón e desprendemento. Sodes un grupo que cada un está a unha cousa. Decides que hai que partir a exclusiva para dar cartos a outras persoas. Para o BNG seguirán as exclusivas como están. Agora tócalle chupar moito. Con mil catrocentos euros non se fai rica, os mellores anos da súa vida dedícaos ao Concello, e con iso non dá para nada. Nós ímoslle pedir que traballe e debe estar retribuída en condicións. E saír cando fose necesario. A vostedes non se lles miran por aquí. Rosa, antes de meterse en política, arranxe a súa vida e non veña aquí a arranxala.

➤ Dona Marta Freire indica que vostede non quixo esperar a que eu tomara posesión e agora debe permanecer. Isto pasa pola súas verbas. Vostede dedicouse a dicir que non era necesario cobrar. Vostede díxoo no 2010, e agora para salvar o seu partido presenta isto. O PS de G-PSOE non apoia esta proposta.

➤ O Sr. Alcalde sinala que nós aprobamos unhas multas para os ilegais e eu propoño multas para as mentiras que dixo vostede dende o punto un. Vostede Sr. Millán mente como un cosaco. Vostede foi Alcalde oito anos e mentiu, e non tivo escrúpulo. Leva mentindo toda a noite e seguirá mentindo. Calquera concelleiro que polo motivo que queira desexe marchar, son libres para irse. Somos vinte e catro e hai que abandonar, vanse, pero non mentimos como vostede. É vostede un miserable, un embusteiro e un mentireiro. O auditorio, o Centro de Saúde estámolos esperando, e moitas cousas como dixo, ou o Beque. Vostede fala para a xente que lle aplaude, e debe respectar a quenda de intervencións. Sr. Millán non minta tanto. Vai seguir mentindo.

➤ Don Xosé Manuel Millán indica que leva meses que parecía que viña “empastillado” aos Plenos.

➤ O Sr. Alcalde sinala que deixou vostede, Sr. Millán, o Beque feito unha ruína. Vostede acusa, pero fai dous anos deixaron todo arruinado e nós estamos arranxándoo.

➤ O Sr. Xosé Manuel Millán indica que é un gusto velo como é vostede.

➤ O Sr. Alcalde indica que lle daba tanta pena o Sr. Pastoriza que lle pechaba a porta. Falamos das

miserias, do que lle fixo a dous compañeiros da Corporación.

- O Sr. Xosé Manuel Millán indica que o felicita por volver a ser o mesmo.
- O Sr. Alcalde indica que non soporta que se digan tantas mentiras.
- O Sr. Xosé Manuel Millán indica que vostede dixo mentiras no periódico. Vostede aproveitou a minoría e impediu participar a un grupo, foi co seu voto de calidade como o sacou. Tamén debe ser mentira como se rematou a lista, como se fixo.
- O Sr Alcalde sinala que todo o mundo o sabe, e vostede está aí e estará aí. Vostede mente como un cosaco. Todo o que dixo esta noite é mentira.
- O Sr. Xosé Manuel Millán indica que vostede sabe como chegou aí e eu tamén.
- O Sr. Alcalde indica que todo Moaña sabe como tratou a Corporación e os traballadores. Por iso vostede está onde está.
- O Sr. Xosé Manuel Millán indica que iso é unha denuncia en falso.
- O Sr. Alcalde indica que é unha denuncia en falso o auditorio en Moaña, e esconderlles as chaves e non deixar entrar aos concelleiros. Por iso vostede está aí e eu aquí.
- O Sr. Xosé Manuel Millán indica que vostede foi a un xuíz e iso tamén é mentira
- O Sr. Alcalde indica preguntelhes aos veciños de Tirán.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por sete votos a favor, os do PP, e nove votos en contra, os do BNG e PS de G-PSOE, acorda, **rexear** a proposta da Alcaldía sobre supresión de dedicación exclusiva e proposta de dedicacións parciais.

## **9º.- SOLICITUDE DE NOVA IXP, IDENTIFICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA VITIVINÍCOLA**

O Sr. Alcalde dá lectura ao escrito presentado por don Xosé Manuel González Vilas, en representación da Comisión Promotora dunha Indicación Xeográfica Protexida (IXP) de viños da terra, que literalmente di:

*En Vilaboa a 11 de decembro de 2013*

*Xosé Manuel González Vilas, con D.I. 3277975F, (en colaboración con a Federación de Asociacións de Viticultores de Pontevedra), con enderezo a efectos de comunicación en Casa da Cultura en Riomaior en Vilaboa (Pontevedra) e que representa á Comisión Promotora dunha Indicación Xeográfica Protexida (IXP) de Viños da Tena para o territorio que comprende aos concellos de Cangas, Bueu, Moaña, Marín, Vilaboa, Poio, Pontevedra e Redondela, e que con motivo de recabar o apoio por parte da corporación municipal, é polo que:*

*SOLICITAN, dos representantes do Concello de Moaña que se someta a pleno, o apoio unha moción en favor do recoñecemento por parte das administracións competentes solicitude da nova IXP de Viños, este feito repostaría a unha longa demanda non satisfeita ao recoñecemento dos viños en zonas de longa e documentada tradición vitivinícola que ata agora non tiñan a mesma cualificación dos viños como nas outras bisbarras de tradición no país*

*Acompáñase a esta solicitude unha exposición de motivos así como copia da acta de constitución da Comisión Promotora que constituíron representantes de asociacións de viticultores e furancheiros así como adegas dos concellos citados.*

*Sen máis asinan a presente solicitude\_*

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS DA PRESENTACIÓN DUNHA MOCIÓN DE APOIO Á CREACIÓN DUNHA INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA DE VIÑOS DA TERRA**

*Desde a Federación de Furancheiros, Loureiros e Viticultores da Provincia de Pontevedra, así como responsables de adegas elaboradoras teñen constituído unha Agrupación de Produtores en favor do recoñecemento como Indicación Xeográfica Protexida aos viños elaborados con uvas procedentes dos concellos de Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Poio, Pontevedra, Redondela e Vilaboa. Este recoñecemento daría resposta a unha importante eiva no proceso histórico de amparo de zonas vitivinícolas de tradición como o Ribeiro, Valdeorras, Rías Baixas, Monterrei, Ribeira Sacra, Betanzos, Ourense Val do Miño e Barbanza-Iria.*

*A tradición vitivinícola da bisbarra que comprenden os 8 concellos citados ten documentada o cultivo da vide desde o século XIII, como así o testemuñan rexistros do Mosteiro de Melón, Poio, Priorado de Marín (pertencente ao Mosteiro de Oseira), Gremio dos Mareantes de Pontevedra, Ordenanzas e bandos municipais como os de Pontevedra e Redondela, etc. etc. No primeiro catastro vitícola da Provincia de Pontevedra do ano 1983 hai rexistradas máis de 2141 has de viñedo e 2726 adegas. Foi que no ano 79 que sae publicada no Boletín Oficial do Estado unha Orde pola que “se regulamenta o uso de indicacións relativas a calidade, idade y crianza de vinos” onde se fai un recoñecemento expreso das zonas de aptitude vitícola e elaboración en base a variedades recomendadas onde aparece a comarca do Fondo da Ría de Vigo e Morrazo, así como o concello de Poio. No ano 1986 a Xunta de Galicia elabora un Programa de Calidade dos Viños de Galicia onde se cita a comarcas do Morrazo e Fondo da Ría de Vigo. Desde entón diversas asociacións de colectivos levaron adiante iniciativas en favor da inclusión viños da zona nunha Denominación de Orixe como así o fixeron en Bueu, Pontevedra e Vilaboa, e eventos como a Festa do Viño de Tinta Femia en Cela (Bueu) ou a Mostra dos Viños de Vilaboa.*

*É así que tras o 1 Foro dos Viños do Morrazo celebrado en Vilaboa no ano 2012, e as Xornadas de Viticultura Atlántica de Bueu no ano 2013 onde se xuntaron diversos expertos e coñecedores de primeiro nivel da vitivinicultura galega e que coincidiron na oportunidade e necesidade de amparar e recoñecer os viños desta bisbarra baixo a figura dunha denominación de calidade que podería ser a Indicación Xeográfica Protexida de Viños da Terra,*

*O 7 de agosto de 2013 constitúese en Vilaboa a Agrupación de Produtores que vai presentar perante á autoridade competente da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia o prego de condicións preceptivo segundo establecido co artigo 73 do Regulamento u° (CE) 607/2009, modificado polo Regulamento (CE) n° 670/2011, e o artigo 118 vices do Regulamento (CE) 1234/2007, sobre os expedientes técnicos a presentar para as denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas existentes de viño.*

*A Agrupación de Produtores demanda das institucións públicas locais e provinciais o apoio expreso a esta iniciativa para así dar publicidade á importante demanda social e pública en favor do recoñecemento e amparo dos viños e viñedos incluídos nos 8 concellos citados. Ese apoio pode ser trasladado a través da aprobación de mocións que se expoñan e voten por parte das corporacións municipais nos plenos dos concellos citados.*

*En Vilaboa a 2 de xaneiro de 2014*

➤ Intervén don Xosé Manuel Millán, quen indica que a iniciativa conta co apoio do BNG. Esta iniciativa deberíase ter tomado dende hai anos. Esperamos que vaia adiante. Nunca houbo mellor viño que o da casa. Intentemos coidalo e melloralo e que dea rendemento económico e creará postos de traballo e riqueza. Hai que evitar que as leiras estean a silvas. Espera que conten co apoio da Administración autonómica e desexarlles éxitos e que contan co apoio do BNG.

➤ Dona Marta Freire sinala que tamén conta co apoio do PS de G-PSOE e promocionan os produtos da zona. Mostra o seu apoio en todo.

➤ Dona María del Carmen Maya manifesta o seu total apoio á iniciativa.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezaseis concelleiros presentes, dun total de dezasete que compoñen a Corporación, acorda:

Apoiar o recoñecemento da solicitude dunha nova Indicación Xeográfica Protexida (IXP) de Viños da terra que abarque os viños elaborados con uvas procedentes dos concellos de Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Poio, Pontevedra, Redondela e Vilaboa.

## **10º.- MOCIÓN PLATAFORMA POLA DEFENSA DA RÍA DE VIGO POLOS VERTIDOS**

Ó Sr. Alcalde cede a palabra a un veciño que dá lectura á moción presentada pola Plataforma pola defensa da ría de Vigo polos vertidos que literalmente di:

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE MOAÑA**

*Serxio Regueira Gomez, con DNI n° 35931585L, con domicilio aos efectos de notificación en Palmas n° 56A 1°, Domaio, en calidade de presidente da Plataforma Pola Defensa da Ría de Vigo "CIES", con domicilio social en Rúa do Pazo n° 2, Bouzas, Vigo e como mellor proceda EXPÓN*

*A pesares de termos denunciado en diversas ocasións as verteduras directas á ría de Vigo de augas fecais procedentes da rede de saneamento, sen tratamento de depuración, procedentes dos aliviadeiros, da rede de colectores de marxe de ría, no concello de Moaña éstas séguense producindo a cotío.*

*Estes acontecementos, incomprensibles a día de hoxe, cáusannos fonda preocupación así como desconcerto ó comprobar que as administracións públicas, neste caso administracións locais, non responden ante semellantes atentados á calidade das augas da ría de Vigo da que depende o sustento de tantas familias que traballan no sector pesqueiro e extractivo.*

*Sabemos que as empresas concesionarias da depuración das augas residuais son as responsables directas de tales atentados contra o medio natural, pero tamén que o concello de Moaña ten a obriga de facer cumprir o prego de condicións así como a de empregar os sistemas de control necesarios e a incoación dos expedientes disciplinarios pertinentes.*

*Todos os puntos de vertido teñen algo en común, o mal funcionamento, ou paralización, dos pozos de bombeo e así se pode comprobar nos aliviadeiros ao longo da costa Almacén, Porto, Meira, Moaña, Tiran, etc, que levan meses vertendo directamente á ría as augas do saneamento sen tratamento de depuración.*

*Despois de terense feito importantes investimentos para o saneamento integral da ría de Vigo, como cidadáns responsables coa natureza, non podemos calar e mirar para outro lado por iso denunciemos coa natureza, non podemos calar e mirar para outro lado por iso denunciemos enerxicamente ditas verteduras contaminantes nas que é participe, por omisión de funcións, o concello de Moaña, que tería que velar pola saúde dos seus cidadáns e pola economía de subsistencia das xentes do mar que depende da calidade das augas da ría.*

*Remarcamos as diferentes denuncias presentadas por Rexistro con datas 23 de xaneiro, 13 de abril de 2013, denuncias ante o 112, Augas de Galicia, **Seprona ou na policía municipal ao longo do pasado ano, sen que se teña dado unha solución, nin se nos teña comunicado tramitación algunha ao respecto.***

**Por todo o anteriormente exposto**

**MOCIÓN, para a adopción dos seguintes acordos:**

☞① *Establecer un protocolo axeitado que permita aos departamentos do concello, responsables desta área, exercer un control efectivo do correcto funcionamento das estacións de bombeo e da EDAR.*

Ω① *Esixir á empresa concesionaria do tratamento de augas residuais o cumprimento do servizo contratado e, dado o caso, como na actualidade, incoar os expedientes sancionadores que correspondan así como as demandas legais por incumprimento de contrato.*

Μ① *Facer unha inspección da rede de alcantarillado para:*

- 1- *Conectar á rede algún tramo de alcantarillado que irresponsablemente foi desconectado e que está vertendo á ría (un exemplo é no Almacén).*
- 2- *Desconectar da rede de alcantarillado diversas conexións de augas pluviais e evitar que se volvan a conectar para diminuír a carga nos colectores de marxe da ría e mesmo das estacións de bombeo para rematar dunha vez coas verteduras contaminantes á nosa ría.*

Por parte do veciño, procédese a unha proxección no salón de plenos dunhas imaxes sobre os vertidos en Moaña.

➤ Don Xosé Manuel Millán sinala que nos dous anos e medio este goberno non fixo nin un metro de saneamento en toda Moaña. Se non se mete nin un metro, non se vai meter rede separativa de augas pluviais e fecais. Eliminamos algúns puntos de vertido, pero necesita vixilancia a rede e un seguimento da empresa e presión para que non utilicen os aliviadoiros e reduzan os gastos na depuradora. Antes o concelleiro preocupábase diso. Contabamos cun dos mellores sistemas de depuración, pero aínda hai moito que facer. É un labor que non remata nunca. Cremos que está habendo pouca dedicación a iso. Se cubrimos a depuradora contentamos os do Latón, pero co outro contentamos a máis.

➤ Intervén unha veciña quen indica que en seis anos houbo moita porcallada.

➤ Dona Marta Freire indica que o PSOE apoia a moción e comparte os puntos. Pide ao Goberno local que se lle esixa a Aqualia que cumpra, e que se poña nesta lexislatura co tema do saneamento.

➤ Dona Susana Varela sinala que é un tema que ten difícil solución. Eses vertidos son puntuais e incontrolados. Ás veces non se pode saber quen é o que contamina. Agradécese a colaboración ante este problema coa finalidade de que non vertan na ría e dean a alarma para controlalos. Pide colaboración xa que sen ela dificilmente se eliminarán. En 2007 había 13 fontes de vertidos, e agora hai 6 segundo consta no informe de augas de Galicia. Pide a colaboración de todos para acabar cos vertidos, notificándoos a Policía local, o 112 ou a augas de Galicia. Dá lectura ao informe de abril de 2013 emitido polo técnico de Augas de Galicia. Este organismo toma mostras e controla os vertidos. Sinala que hoxe fixeron un informe e dá lectura deste, no cal se indica que non hai caudal de vertido e que o bombeo funciona correctamente. O problema é que á rede de saneamento van tamén as de pluviais, e coa choiva o caudal é insoportable. Entra máis do dobre de caudal da capacidade da EDAR debido ás augas de pluviais.

➤ Un veciño asistente sinala que parece que non hai culpables. Se o caudal é tan grande, os aliviadoiros verterán as vinte e catro horas do día. Polo día non hai vertidos, pero pola noite e ao subir a marea si os hai. Iso é cando para a EDAR. Se avisa a Aqualia non sae unha gota. Pasa en toda a ría. Pedimos un protocolo de actuación e que non se avise a Aqualia. É un tema de rede de saneamento, sabemos que hai que traballar moito para separar as augas pluviais e fecais. Augas de Galicia vén cando hai denuncia.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezaseis concelleiros presentes, dun total de dezasete que compoñen a Corporación, acorda:

- a) Establecer un protocolo axeitado que permita aos departamentos do Concello, responsables desta área, exercer un control efectivo do correcto funcionamento das estacións de bombeo e da EDAR.
- b) *Esixir á empresa concesionaria do tratamento de augas residuais o cumprimento do servizo contratado e, dado o caso, como na actualidade, incoar os expedientes sancionadores que correspondan así como as demandas legais por incumprimento de contrato.*
- c) Inspeccionar a rede de sumidoiros para:
  - 1- Conectar á rede algún tramo de sumidoiros que irresponsablemente foi desconectado e que está



vertendo á ría (un exemplo é no Almacén).

2- Desconectar da rede de sumidoriros diversas conexións de augas pluviais e evitar que se volvan conectar para diminuír a carga nos colectores de marxe da ría e mesmo das estacións de bombeo para rematar dunha vez coas verteduras contaminantes na nosa ría.

### **11º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE POLO FRACCIONAMENTO DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES (IBI)**

Intervén dona Marta Freire quen sinala que a Deputación Provincial ao día seguinte de rexistrar a moción, puxo en marcha o Plan de fraccionamento do pago pero non cumpre expectativas. A Deputación fracciona en oito cotas e para contías superiores a 240 € e nós consideramos que debe ser con independencia da contía e durante os doce meses e ademais a Deputación pide aval e non todos poden acceder.

A continuación dona Marta Freire dá lectura á moción que literalmente di:

#### **MOCIÓN POLO FRACCIONAMENTO DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES (IBI)**

*O Grupo Municipal do PSdeG – PSOE de Moaña, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta unha MOCIÓN relativa ao “PAGO FRACCIONADO DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES” para o seu debate en Pleno.*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Debido á situación de profunda crise económica que estamos padecendo, moitos veciños/as están atravesando graves dificultades económicas ao perder os seus ingresos familiares e non poder chegar a fin de mes. Son moitos os fogares que teñen a todos os seus membros en paro e que cada día demandan actuacións máis directas dos seus representantes.*

*Toda vez que o Concello debe estar ao servizo dos moañeses/as, consideramos que permitir o pago fraccionado dalgúns impostos coma o IBI converteuse nunha necesidade que permitiría aliviar a situación económica das familias, dotándoos de maior liquidez e evitando que se viran sometidos a circunstancias económicas desesperadas.*

*Fronte a semellantes feitos, o pago do IBI supón un esforzo económico inasumible en moitos dos casos e non todo o mundo pode nestes momentos afrontar o seu pago sen que lle supoña un gran sacrificio familiar considerable. Este fraccionamento non suporía ningún prexuízo para as arcas municipais, xa que se seguirá recadando a mesma cantidade e ao mesmo tempo aplicaríamos unha medida que suporía unha grande axuda para os nosos veciños.*

*Imponse a necesidade e a urxencia de establecer o pago fraccionado para todo aquel veciño/a que queira optar a el, sen que isto carrexese intereses de demora algún.*

*Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Moaña, propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*

*1º. Realizar cantas actuacións sexan pertinentes para o establecemento do pago fraccionado do Imposto de Bens Inmoables.*

*2º. Se procede, facer extensible esta medida a outros impostos de recadación municipal.*

*Voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE*

#### **ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL**

➤ Intervén dona Rosa Solla quen manifesta que o fraccionamento está previsto pola Deputación dende o 16 de abril do 2013, segundo figura na páxina web da Deputación. Nós estamos de acordo en que se amplíe a máis supostos.

➤ Dona Marta Freire indica que ata fai dous días ese era o plan. Agora son oito meses, contías superiores a 240 € e necesítase aval. Pon como exemplo o que está regulado na Illa de Arousa.

➤ Don Xosé Manuel Millán indica que o BNG non participa neste engano. Louzán é capaz de facer iso. Cre que é un conto chino coa Lei de facendas, hai que pagar intereses, e en tres veces. Habería que modificar a ordenanza co informe de Intervención e Tesouraría. O fraccionamento é rogado e está previsto nunha lei estatal e para aplicalo este ano, tíñase que facer en setembro do ano pasado. Agora farase para o próximo ano. Quedaredes ben para o periódico, pero é demagóxico. Igual que o ano pasado iades baixar impostos. Votade xuntos e levádeo á práctica. Cando os veciños queiran pagalo en prazos non se pode. Haberá que cambialo en Madrid. Nós nesta vez non imos entrar na votación.

➤ Dona Marta Freire indica que o Sr. Millán non leu a moción do PSOE, se o acordo non se vota no Pleno, non se inicia, teremos que impulsalo para que se inicie o trámite.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor, os do PP e PS de G-PSOE, e sen que os membros do BNG queiran entrar na votación, acorda:

1º. Realizar cantas actuacións sexan pertinentes para o establecemento do pago fraccionado do imposto de bens inmobles.

2º. Se procede, facer extensible esta medida a outros impostos de recadación municipal.

#### **12º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE CONTRA A LEI DA INTERRUCCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO (ABORTO)**

#### **13º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A REFORMA DA LEI DO ABORTO.**

O Sr. Alcalde sinala que ao ter o mesmo contido e finalidade, que se debata conxuntamente ambas as mocións.

➤ Intervén dona Dolores Miranda quen dá lectura ao seguinte documento:

*O grupo municipal socialista presenta esta moción a debate no pleno como rexeitamento á reforma da lei do aborto que pretende impoñer o PP para contentar ao electorado máis extremista e rancio do seu partido.*

*Esta modificación devolverá a España ao aborto clandestino e ao turismo abortivo. Mediante esta reforma retrotraese a lexislación española máis aló de 1985 e obrígase a ter fillos incluso con graves deficiencias físicas e mentais, os que logo este goberno do PP condena a malvivir coas súas políticas de recortes.*

*O 90% dos abortos que se practican actualmente son por malformacións do feto ou por riscos graves para a nai. Nada que ver co perfil de adolescente irresponsable co que o PP pretende xustificar a reforma.*

*O PP con esta reforma considera ás mulleres seres inferiores, e quere relegalas a un segundo plano arrebatándolle a capacidade de decidir sobre o seu embarazo.*

*O PP pretende ocuparse do “non nacidos” e despreocupase dos nenos e familias que están pasando por circunstancias económicas complicadas.*

*A moral non se pode impor, é propia e persoal.*

A moción, literalmente di:

**MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE MOAÑA CON MOTIVO DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA POLO QUE O GOBERNO DE ESPAÑA PRETENDE REVISAR A LEXISLACIÓN VIXENTE SOBRE SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA E INTERRUCCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO**

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Moaña desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN** ca seguinte:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, recolle a garantía dos dereitos fundamentais no ámbito da saúde sexual e reprodutiva, regula as condicións da interrupción voluntaria do embarazo e establece as correspondentes obrigacións dos poderes públicos.

No seu texto, declárase o dereito de todas as persoas a adoptar libremente decisións que afectan á súa vida sexual e reprodutiva, sen máis límites que os derivados do respecto aos dereitos das demais persoas e á orde pública garantido pola Constitución e as Leis, e recoñécese o dereito á maternidade libremente decidido o que implica non só recoñecer ás mulleres a capacidade de decisión sobre o seu embarazo, senón tamén que esa decisión, consciente e responsable, sexa respectada.

O Goberno anunciou unha revisión desta lexislación que representaría un extraordinario retroceso normativo, social e ideolóxico e volvería situar ás mulleres españolas na clandestinidade, suprimindo o seu dereito a decidir responsable, consciente e libremente sobre a súa sexualidade e maternidade, e afectando a súa seguridade xurídica e á dos profesionais do noso sistema de saúde, así como á garantía no acceso ás correspondentes prestacións sanitarias.

Neste sentido, o 20 de decembro de 2013 presentouse no Consello de Ministros un Anteproxecto de Lei Orgánica cuxo contido confirmou, e tristemente superou, as peores conxecturas acerca dos seus desastrosos efectos sobre a liberdade e os dereitos das mulleres.

Co Anteproxecto aprobado polo Goberno suprímese o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo no primeiras catorce semanas, considerándose como delito despenalizado só nos supostos de violación e "grave perigo para a vida ou a saúde" da muller, privando a esta do seu dereito a decidir sobre a súa maternidade. Suprímese tamén, por tanto, o suposto de malformacións ou anomalías fetais incompatibles coa vida, que tiña xustificado a interrupción do embarazo dende os anos oitenta do século pasado.

Esta norma non só suporá un grave retroceso de máis de trinta anos para a lexislación española neste ámbito, e o incumprimento de compromisos internacionais en materia de dereitos sexuais e reprodutivos e de liberdade das mulleres a decidir sobre a súa maternidade, senón que situaría a España como unha excepción en toda Europa, onde nos últimos anos ningún país lexislara cara atrás nesta materia, mentres que as mulleres españolas sufrirán ese retroceso despois de contar cunha das lexislacións máis avanzadas, máis seguras, con maiores efectos na prevención de embarazos non desexados e que conseguira reducir o número de abortos no último ano.

Por estas razóns, o PSOE propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1- Instar ao Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo."

2- Dar traslado do presente acordo a tódolos grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados.

Moaña a 27 de Xaneiro 2014. Voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

- A continuación intervén dona Araceli Gestido quen da lectura a un escrito que literalmente di:

*¿Existirá crueldade maior que obligar a unha muller a parir un fillo que morrera nos seguintes días ou vivirá en condicións infrahumanas sufrindo él e os seus proxenitores de velo así? ¿É xusto iso?*

*As razóns para loitar contra esta lei son moitas empezando porque é un ataque frontal ós dereitos das mulleres, porque vulnera a nosa saúde física e psíquica. Ignora os datos da OMS que nun informe recente constata que a eliminación das restriccións sobre o aborto produce unha redución da mortandade materna causada polo aborto inseguro ". O cambio a una lei de Supostos, lonxe de diminuír el número de abortos, constitúese como un factor de risco para a vida e a saúde das mulleres.*

*Os psiquiatras a través da Asociación española de neuropsiquiatría aseveran que "a muller que aborta non e unha enferma mental"!!!, Advirten que o contido do proxecto de lei obriga a empregar*

o “suposto de enfermidade psíquica das mulleres que para poder abortar, teñen que ser definidas como enfermas mentais “persistentes no tempo”, o que pode facer que noutra circunstancia vital, por exemplo en caso de conflito posterior respecto á custodia dos fillos, poida volverse na súa contra, cerrando un círculo infernal contra a muller”.

¿Qué nos somos para xulgar ou decidir que cantidade de sufrimento vital pode soportar unha muller? Bueno, pois parece que o Goberno quere medir ese grado de sufrimento, asegurarse de que a muller está realmente afundida, como senón fose isto non fose una consecuencia inevitable; Para estar convencidos da súa dor decidiron que a muller teña que demostrar, mediante un informe psiquiátrico e dictame preceptivo relativo á patoloxía fetal, que a malformación que padece o seu fillo ou filla lle provoca tal desequilibrio na súa saúde psíquica que por eso desexa interromper o seu embarazo.

Con esta reforma, as 100.000 mulleres (un 90% del total) que abortan ó ano por causas económicas, sociais e en definitiva, persoais, non poderán facelo . O resto, as máis de 3.000 mulleres que abortan por diversas malformacións, pero todas elas compatibles coa vida, nin sequera terán esta oportunidade .

Se ben é unha lei discriminatoria para o xénero feminino no seu conxunto, eo moito máis para aquelas mulleres de extracción obreira e popular. Entre as razóns para interromper voluntariamente o embarazo, a causa económica sitúase como a máis importante. Según datos do Ministerio de Sanidade, el 26,81% das mulleres que interromperon a súa xestación en 2012 estaban sen traballo, o que pon de manifesto a agresividade deste anteproxecto para todas aquelas mulleres de clase traballadora.

Di o señor Ministro que é una lei que pretende defender á muller ( hai que ter una cara de cemento)... **Nin pretende igualar en dereitos, nin pretende asegurar e protexer o dereito á maternidade....o que sí nos desprotexe , son a discriminación sexual laboral, os recortes e a privatización da sanidade, da educación, e por suposto as reformas laborais que favorecen e abaratan o despido. En definitiva queren convencer á clase traballadora de que a muller debe asumir o rol coidador co trasfondo de aforrar diñeiro ó Estado a costa da gratuidade do noso traballo e para conseguilo hai que retroceder en calquera progreso que favorecera a emancipación feminina ó longo dos anos.**

Queda abolida a maioría de idade das mulleres.Temos que escoitar que Gallardón diga que as mulleres non van ser responsables penais. Este plantexamento implica que a muller é un ser inferior e incapaz de rexerse por si mesma á hora de tomar decisións que afectan vitalmente á súa vida e ó seu futuro, e por iso ten que vir un psiquiatra a darlle permiso para abortar ou non, xa que nos somos incapaces de tomar tales decisións Señor Gallardón, as mulleres do único do que somos vítimas é de ideoloxías intransixentes e fundamentalistas e queremos ser responsábeis dos nosos actos. Non queremos que nos liberen de ser persoas, queremos ser persoas de pleno dereito.

Mentres o aborto esté no Código Penal, o dereito a decidir será negado e subordinado á xudicatura, mentres abortar sexa delicto haberá unha inseguridade xurídica para as mulleres e profesionais que o realizan; solo a despenalización e un aborto libre e gratuito respalda a libre decisión das mulleres.

Apropiándose, das decisións e sentimentos das mulleres ante circunstancias como a de anomalías graves nos fetos, así como ó privarnos, en favor de outros (médicos), de dereitos que tras un largo e doloroso, camiño, conseguimos, el ministro so é coherente coa doutrina que defende a xerarquía da Igrexa católica española, porque nin no Vaticano son tan dogmáticos.

Despois de ter que oír de xeito permanente que tódolos partido son iguais, con este anteproxecto de lei temos que agradecer ós populares que conseguirán desmontar completamente esta afirmación. Aínda que intentaron dar por mortas as ideoloxías, como podemos ver seguen ben vivas, excepto no PSOE de Moaña...que seguen a confundir esquerda e dereita.

Despois de ler decenas de artigos e informes chego a una conclusión :

-A emancipación da muller é un fenómeno irreversible. Cando me enterei do contido desta lei sentínme pisoteada e insultada, de feito maltratada. Ante esto comecei a buscar información sobre o tema e vin un movemento social poderoso e firme como facía tempo non vía. Posicionamentos abertamente en contra de todo tipo de colectivos, de todo tipo de profesionais, de políticos e

*políticas da esquerda e mesmo da dereita deste e doutros países.*

*As mulleres despois de anos de loita conseguimos emanciparnos en gran parte do machismo católico. Animamos ó PP a que reúnan o valor de emanciparse tamén da Conferencia Episcopal.*

*Temos claro que esta lei nace dunha malformación social e nos entre todos ímola abortar.*

A moción literalmente di:

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A REFORMA DA LEI DO ABORTO**

*A entrada en vigor da Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda que presenta aspectos moi mellorábeis como son non regular adecuadamente a obxección de conciencia, a privatización da prestación, a estigmatización de quen practica interrupcións voluntarias do embarazo, a minusvaloración das mulleres ao impor un período de reflexión obrigatorio unha vez comunicada a intención de interromper o embarazo ou a obrigatoriedade de recibir información acerca das axudas ás nais. Así, a posta en marcha deste novo marco regulador presenta carencias evidentes que dificultan o acceso ás interrupcións voluntarias do embarazo. O máis grave son as limitacións de acceso á sanidade pública que na práctica supoñen que a inmensa maioría das mulleres non teñen posibilidade de recibir esta prestación na súa área sanitaria na rede pública. A consecuencia directa disto é o feito de se veren obrigadas a desprazárense a clínicas privadas e, en certos casos, de teren que acudir a Madrid ou a outros lugares para poderen levar adiante a súa decisión de non continuar co embarazo.*

*Esta situación é claramente corrixíbel de existir vontade política. É certo que a regulación non reflicte a obriga de prestación directa deste servizo, e que abre as portas a que fiquen fóra do ámbito público. Mais é evidente que na práctica se está a producir unha privatización desta prestación, un feito que nos preocupa e que os poderes públicos deben corrixir. Só existindo unha oferta desde o ámbito público se pode garantir o acceso igualitario a esta prestación en todo o territorio galego.*

*O goberno do PP pretende co proxecto de lei actual un retroceso dunha década que vulnera dereitos consolidados das mulleres no referido á súa saúde sexual e reprodutiva. Baixo premisas falsas e mentiras sobre o que se establece na actual lei, a nova normativa impulsada polo Ministro de Xustiza pretende aplicar o programa ideolóxico dos grupos ultra relixiosos que se opoñen aos dereitos das mulleres sen responder, en ningún caso, a criterios económicos fin sanitarios.*

*Como xa alertan organizacións de mulleres e sindicatos, o único que vai supor é regresar a prácticas de risco como os abortos clandestinos, porque deixa nunha situación de desamparo moitas mulleres que pertencen a colectivos desfavorecidos ou que carecen de recursos, ás que non lles queda máis opción que recorrer á clandestinidade ou asumir maternidades non desexadas. Isto, como ben se comprobou en tempos pasados, supón un grave risco para a saúde das mulleres.*

*Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte*

### **ACORDO**

- 1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo,*
- 2. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.*
- 3. Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, elimínanse as referencias á Red Madre na información que facilite a Xunta de Galiza.*

4. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.

5. O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.

Moaña, 24 de xaneiro de 2014. Asdo. Xosé Millán Otero. Portavoz municipal.

➤ Dona María del Carmen Maya sinala que o PP pide que se voten ambos os acordos por separado. Sinala que estamos de acordo coas mocións e pensamos que hai que darlle a volta a este anteproxecto de lei.

Sometida a moción do PSdeG-PSOSE a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezaseis membros presentes, **acorda**:

- 1- Instar o Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar coa tramitación do Anteproxecto de lei orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo.
- 2- Trasladar o presente acordo a todos os grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados.

Sometida a moción do BNG a votación, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor, os do BNG e PS de G-PSOE, e sete abstencións, as do PP **acorda**:

#### **ACORDO**

1. Instar a Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado (e ao ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.
2. Instar a Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.
3. Instar a Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á Red Madre na información que facilite a Xunta de Galiza.
4. Instar a Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.
5. O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe as mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.

#### **14º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POLA RESTITUCIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO TRANSPORTE MARÍTIMO DA RÍA DE VIGO**

Intervén don Odilo Barreiro quen sinala que o transporte da ría é fundamental para o noso concello para desprazarse a Vigo. Cada ano trae novas, desaparece o servizo o domingo, reducen o horario, soben as tarifas ou desaparece algún servizo pola mañá. A Consellería do Medio Ambiente mira para outro lado e as empresas fan o que lles peta. O servizo de pasaxeiros da ruta a Cíes todos o queren, pero as outras rutas de pasaxeiros non o queren. O Alcalde de Cangas do PP di que volva o servizo público á titularidade da Xunta. Esperamos que o Alcalde de Moaña o faga. O BNG presentou mocións para o servizo público de transporte da ría no Parlamento pero o PP votaba en contra. Había compensación económica do PP sobre o transporte metropolitano e había acordo cos concellos de Moaña e Cangas. Pero o Sr. Alcalde paseouse en barco pola ría e repartiu piruletas. Dende o 03-12-2011, pódese restituír a titularidade pública deste servizo. Pódese liberalizar o servizo, devolver a titularidade pública deste, e a lexislación permíteo. Só fai falla iniciativa e ganas de facelo. Débense restituír as frecuencias antes de liberalizar o servizo.

A continuación dá lectura á moción que literalmente di:

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG A PROL DE RESTITUIR O CARÁCTER DE SERVIZO PÚBLICO DO TRANSPORTE MARÍTIMO DA RÍA DE VIGO**

*Despois de comprobar como soben as tarifas do transporte de ría sen que a Consellería competente faga nada para velar polos intereses dos usuarios, e de mostrar claramente o esquecemento dos seus compromisos co transporte de viaxeiros en barco na ría de Vigo, asistimos agora que comeza o ano ao anuncio da navieira Mar de Ons, que realiza o transporte de ría regular entre Cangas e Vigo, de que vai eliminar as catro primeiras rutas de primeira hora.*

*Asistimos a unha nova deixadez de funcións por parte da Xunta de Galiza na atención a un servizo clave no desenvolvemento socioeconómico e das comunicacións do Morrazo coa área metropolitana de Vigo. Un servizo que vai camiño de perderse, pois quen ostenta a capacidade de impedir que se tomen medidas unilaterais, que van en prexuízo da veciñanza do Morrazo, está máis preocupado da rendibilidade que as empresas deben ter nas viaxes de verán que de prestar un servizo en condicións á comarca.*

*No ano 2009 xa renunciaban a aproveitar a oportunidade para reverter o actual modelo "privado", xa que coa aprobación do Regulamento (CE) 1370/21007, abría a posibilidade da recuperación da titularidade do transporte de ría, superando as consecuencias da sentenza do 2006, e permitía adecualo á nosa realidade e sometelo aos intereses dos usuarios. Malia que o PP comprometíase a levar unha proposta propia que regulase este servizo, a día de hoxe as decisións que adoptaron son de rexeitamento sistemático das propostas presentadas polo BNG deixando abandonado o servizo.*

*O Bloque Nacionalista Galego levou á Cámara galega o ano pasado unha iniciativa que intentaba regularizar este servizo como público e posibilitar a recuperación e posta en valor do mesmo, onde incluso se podería vincular o transporte que se realiza ao Parque Natural Illas Cíes cos tráficos anuais das localidades de Cangas e Moaña. Dita proposta foi apoiada polos grupos da oposición, pero foi rexeitada polo sectarismo do Partido Popular.*

*Non é de recibo que unha vez máis as operadoras tomen decisións pola súa conta, pois reflicte que non hai administración que controle nin regule dito servizo. É surrealista que a propia compañía recomende que existen outros medios de transporte alternativos para garantir a mobilidade dos usuarios de primeira hora da mañá, a ambos lados da ría, recomendando o transporte por estrada.*

*A situación do transporte de viaxeiros cada vez empeora máis: suba das tarifas, eliminación de frecuencias, perda calidade servizo,... e sobre todo esquecemento das promesas de campaña electoral esgrimidas polo PP que xa ninguén recoñece como propias:*

*-Posta en funcionamento do Plan de Transporte Metropolitano. Inclusión do transporte de ría no mesmo.*

*-Plan Piloto de transporte de Ría, coa creación da Sección Marítima do transporte metropolitano e a sinatura dun convenio de colaboración cos concellos de Cangas e Moaña.*

*-Compromiso de presentar unha proposición non de lei para subvencionar o 50% do billete do transporte marítimo.*

*Promesas que se amplificaron con unha Campaña de Novas Xeracións do PP para animar aos veciños a usar o transporte marítimo de ría, repartindo piruletas, baixo o lema: "Embarcate con nós. Usa o barco".*

*Estas novas medidas por parte das operadoras veñen a sumarse aos recortes de fin de semana en Cangas, a supresión das viaxes os domingos en Moaña, a precariedade laboral,... e todo sen que a Consellaría responsable, e a Dirección Xeral de Mobilidade, tomaran cartas no asunto e adoptara algunha decisión.*

*Mentres a Xunta de Galiza está ausente aumenta a situación de abandono, a caída libre do número de usuarios, a supresión de horarios e servizos, o incremento do prezo do billete, permitindo que sexan as empresas as que regulen dito servizo en función dos seus intereses, unicamente suxeitas a criterios de rendibilidade.*

*Hoxe existen posibilidades reais e legais de modificar este modelo e darlle a volta, convertendo o servizo de transporte marítimo e colectivo de viaxeiros nun modelo estratéxico, sostible e comprometido co medio ambiente que permita o desprazamento entre localidades por motivos laborais, administrativos, culturais ou sanitarios. Rápido, económico, sostible e medioambientalmente de calidade, de acordo a nosa idiosincrasia. Creemos que o transporte de ría debe converterse nunha pragmática aposta política para comunicar con racionalidade Vigo e o Morrazo. Na Galiza as rías non nos separan, senón que nos unen.*

*Polo exposto o Grupo Municipal do BNG presenta para o seu tratamento en Pleno o seguinte*

#### **ACORDO**

**1.- Instar ao Goberno galego a adoptar no vindeiro período de sesións, un Proxecto de Lei que restituía o carácter público de titularidade da Xunta de Galiza do transporte marítimo de viaxeiros e viaxeiras na Ría de Vigo. E que dito Proxecto contemple entre outras:**

**a.- Medidas precisas para restituír a permanencia do transporte marítimo co nivel de frecuencias existentes antes da súa eliminación.**

**b.- Elaborar coa participación dos usuari@s, un Regulamento que recoñeza, ampare e garanta os dereitos dos viaxeiros. Isto é: prezos, frecuencias, horarios, condicións, obrigas das empresas, infraccións, sancións, etc."**

*O Morrazo, 24 de xaneiro de 2014. Asdo: Portavoz do Grupo Municipal do BNG.*

➤ Dona Susana Varela sinala que o PP está de acordo coa moción e propón que se engada crear unha mesa de traballo e o transporte da área metropolitana.

➤ Don Odilo Barreiro propón que se aprobe a moción e despois estarían dispostos a apoiar a área metropolitana.

➤ Intervén un veciño (Francisco Ferreira), quen sinala que a solución do transporte da ría sería recuperar o servizo público. Hai compromisos expresos por parte do conselleiro e comprometéronse a sacar adiante o tema de transporte en augas interiores. Recalca que é un transporte metropolitano, e debería recuperarse e xestionalo. Pero non temos esperanza de que vaia saír adiante. Os alcaldes de Moaña e Cangas teñen que loitar para que non desaparezan servizos e non incrementen prezos. Utilizan datos falsos que podería ser unha fraude fiscal no imposto de sociedades. Débese garantir o servizo e o prezo. Se hai vontade, arranxaráse. Deberíase facer un convenio entre Cangas-Moaña-Xunta de Galicia xa que do contrario non ten futuro.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor, os do BNG e PS de G-PSOE, e sete abstencións, as do PP, acorda:

1.- Instar o Goberno galego a adoptar, no vindeiro período de sesións, un proxecto de lei que restituía o



carácter público de titularidade da Xunta de Galiza do transporte marítimo de viaxeiros e viaxeiras na ría de Vigo. E que o dito proxecto contemple entre outras:

a.- Medidas precisas para restituír a permanencia do transporte marítimo co nivel de frecuencias existentes antes da súa eliminación.

b.- Elaborar, coa participación das persoas usuarias, un regulamento que recoñeza, ampare e garanta os dereitos dos viaxeiros e viaxeiras. Isto é: prezos, frecuencias, horarios, condicións, obrigas das empresas, infraccións, sancións, etc.

### **15º.- ROGOS E PREGUNTAS**

- Don Xosé Manuel Millán pregunta se colocaron os tótems publicitarios.
- O Sr. Alcalde sinala que falta aínda a autorización de Cultura.
- Don Xosé Manuel Millán pregunta se chegaron todos os tótems, porque hai falsidade en documento público.
- Intervén un veciño entre o público (Francisco Ferreira) e pregunta cando se vai aprobar e publicar o procedemento de modificación do regulamento de participación veciñal e cando se lle vai a contestar.
- O Sr. Alcalde sinala que xa se lle contestou por escrito.
- Dona Marta Freire responde que posiblemente saíu hoxe.
- O veciño (Francisco Ferreira) responde que sodes uns “senvergonzas”.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acorda rematar a sesión ás 23.37 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº E PRACE  
O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo.: José Ferverza Costas

Asdo.: Adamantino Barreiro García